

Obxectivos:

Este curso monográfico ten como finalidade analizar os cambios normativos producidos coa aprobación da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, e a configuración da protección do noso patrimonio cultural, con especial referencia ao planeamento urbanístico. De igual forma, adiántanse as futuras modificacións que na protección do patrimonio cultural e na elaboración do planeamento urbanístico suporá a futura Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, en tramitación parlamentaria.

Estudaranse tamén aspectos novos como a inclusión da lingua e da toponimia por vez primeira na lei como patrimonio cultural inmaterial e afondarase no patrimonio inmaterial escasamente tratado e no patrimonio arqueolóxico.

Esta actividade resulta esencial para todo o persoal ao servizo de calquera das administracións públicas encargado do estudo e aprobación de plans urbanísticos, en especial para o persoal ao servizo da Administración local encargado da elaboración do planeamento municipal, da tramitación das licenzas urbanísticas, da súa concesión, persoal dos seus servizos xurídicos, membros das súas escalas de arquitectos/as, enxeñeiros/as, arqueólogos/as ou membros dos colexios profesionais de arquitectos/as, avogados/as e enxeñeiros/as.

Persoas destinatarias:

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos seus entes instrumentais, das universidades do Sistema universitario de Galicia, profesionais e persoas interesadas en xeral.

Convocatoria:

DOG núm. 57, do 22 de marzo de 2019

Lugar de desenvolvemento:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información e matrícula:

Teléfonos: 981 546 239 / 981 546 241

Correo: novas.egap@xunta.gal Web: <https://egap.xunta.gal>

Curso monográfico

O PATRIMONIO CULTURAL COMO INSTRUMENTO DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE E DE RELEVANCIA TURÍSTICA

Santiago de Compostela, 4 e 5 de abril de 2019



10.00 h. Acreditacións e recollida de documentación.

10:15 h. Inauguración.

10:30 h. **CONFERENCIA INAUGURAL: O Camiño de Santiago como elemento vertebrador do patrimonio cultural e do turismo.**

Xosé Luis Barreiro Rivas. Escritor e analista político.

11:30 h. **O reparto competencial en materia do patrimonio cultural e do turismo.**

Carmen Salgueiro Moreira. Letrada da Xunta de Galicia. Xefa do Gabinete de Desenvolvemento Lexislativo.

12:30 h. Pausa-café.

13:00 h. **A protección legal e xurisprudencial do patrimonio cultural.**

A protección do patrimonio cultural na Lei 5/2016 do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

María Isabel Novo Castro. Letrada da Xunta de Galicia. Asesora xurídica da Consellería de Cultura e Turismo.

A protección do patrimonio cultural na xurisprudencia contencioso administrativa.

Dolores Rivera Frade. Maxistrada da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

14.30 h. Pausa-comida.

16:30 h. **O patrimonio cultural e o planeamento urbanístico, especial referencia ao Camiño de Santiago. Referencia as modificacións que suporá a futura Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.**

Diego Gómez Fernández. Avogado especialista en urbanismo inmobiliario e Dereito Administrativo. Profesor asociado de Dereito Administrativo. Universidade de Vigo.

María Isabel Novo Castro. Letrada da Xunta de Galicia. Asesora xurídica da Consellería de Cultura e Turismo.

18:00 h. Fin da primeira xornada do curso.

9:00 h. **O patrimonio inmaterial de Galicia.**

O inmaterial como alma do patrimonio cultural.

Ana Filgueiras Rei. Arqueóloga municipal e da Oficina de Rehabilitación de Noia.

A mítica xacobeá, un exemplo de patrimonio inmaterial senlleiro de Galicia.

Francisco Narla. Escritor.

10:30 h. **A lingua e a toponimia como patrimonio inmaterial.**

A lingua e a toponimia como patrimonio cultural de Galicia.

Vicente Feijoo Ares. Responsable de Toponimia. Seminario de Onomástica da Real Academia Galega

Análise da dinámica e estabilidade da coexistencia das linguas galega e castelá.

Jorge Mira Pérez. Catedrático de Electromagnetismo. Departamento de Física Aplicada. Universidade de Santiago de Compostela.

12:00 h. Pausa-café.

12:30 h. **A diversidade do patrimonio arqueolóxico galego e a importancia da súa delimitación.**

María Luísa Pérez Rodríguez. Arqueóloga. Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

13:15 h. **O patrimonio cultural e o turismo.**

A coordinación das políticas turísticas e de protección do patrimonio cultural.

María Nava Castro Domínguez. Directora da Axencia de Turismo de Galicia.

A protección do patrimonio cultural mediante a adopción de medidas contra a contaminación luminosa.

Salvador Bará Viñas. Profesor titular da Área de Óptica. Departamento de Física Aplicada. Universidade de Santiago de Compostela.

14:30 h. Clausura do curso.

Dirección académica: *María Isabel Novo Castro.* Letrada da Xunta de Galicia. Asesora xurídica da Consellería de Cultura e Turismo.

NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola:
<https://egap.xunta.gal/>